



DELIMITACIÓN DO SOLO DE NÚCLEO RURAL DE

O MOSTEIRO

Parroquia de Donas, Gondomar

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Delia Prado Figueroa | arquitecta COAG 4729
setembro 2019

ÍNDICE:

1. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA, MOTIVACIÓN E PROCEDEMENTO	3
2. OBXETIVOS DA PLANIFICACIÓN.....	3
3. ALCANCE E CONTIDO DA DELIMITACIÓN	4
3.1. ALCANCE E CONTIDO	4
3.2. ALTERNATIVAS	6
4. DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE.....	9
4.1. DESENVOLVEMENTO DA TRAMITACIÓN.....	9
4.2. DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN:.....	10
5. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL DO MEDIO NO ÁMBITO TERRITORIAL..	10
6. EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES	12
7. EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES	13
8. MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVIR, REDUCIR E, NA MEDIDA DO POSIBLE, CORRIXIR CALQUERA EFECTO NEGATIVO RELEVANTE NO MEDIO DA APLICACIÓN DO PLAN:	14
9. MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN:	14

1. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA, MOTIVACIÓN E PROCEDEMENTO

No artigo 5 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, se recolle a definición de “avaliación ambiental” como “procedemento administrativo instrumental respecto do da aprobación ou de adopción de plans e programas, así como respecto do da autorización de proxectos ou, no seu caso, respecto da actividade administrativa de control dos proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación previa, a través do cal se analizan os posibles efectos significativos sobre o medio ambiente dos plans, programas e proxectos” (art. 5.1.a), e establece no subapartado 1º que a “avaliación ambiental estratéxica” procederá respecto dos plans e programas.

O artigo 6 da mesma lei, refire sobre o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica, e distingue dous tipos de avaliación ambiental estratéxica, a ordinaria e a simplificada, establecendo que “serán obxecto duna avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e a súa elaboración e aprobación veña esixida por unha disposición legal ou regulamentaria o por acordo do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma (...)”, sendo obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica simplificada (art.6.2) as que seguen:

- As modificacións menores de plans e programas.
- Os plans e programas que establezan o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- Os plans e programas que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non cumpran os demais requisitos mencionados para a avaliación ambiental ordinaria.

O documento actual refire sobre a delimitación do núcleo rural de O Mosteiro, atinxindo unha superficie de solo de 39.573 m² na que se propón un cambio do réxime urbanístico, que pasará de rústico a solo de núcleo rural.

Ao establecer a delimitación o uso dunha reducida extensión de solo do termo municipal, se xustifica o seu encadre nos supostos de Plans e Programas obxecto de **avaliación ambiental estratéxica simplificada**.

2. OBXETIVOS DA PLANIFICACIÓN

A situación urbanística actual de Gondomar é a de un municipio sen planeamento, feito que ven dado pola anulación do PXOM do ano 1997, derivado da sentenza do Tribunal Supremo de data 22 de febreiro de 2005. Confirmándose definitivamente a anulación pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de data 24 de abril de 2008, do acordo plenario do 10/05/2001 sobre execución da sentenza do Tribunal Supremo.

Dende ese momento o ordenamento urbanístico do concello está suxeito ao xogo combinado das determinacións da Disposición Adicional Segunda da LOUGA, de réxime do solo nos municipios sen planeamento, e da Disposición Transitoria Primeira, de réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado.

En transposición á recentemente aprobada Lei do Solo de Galicia, Lei 2/2016, do 10 de febreiro (en adiante LSG), queda suxeito á disposición transitoria primeira, de réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento. No apartado 4.b da mesma se dispón que as delimitacións de núcleos rurais manterán a súa vixencia.

No caso de Gondomar, con motivo de diversas solicitudes de licencias e baixo amparo da Lei 11/1985, de adaptación da do Solo a Galiza, foron delimitados numerosos núcleos rurais tradicionais na década dos anos 90, os que trala anulación do plan xeral e conforme ó disposto na lexislación actual, son a día hoxe figuras legais de planeamento. Un procedemento de delimitacións que se realizaba en función das solicitudes presentadas polos veciños, non chegando a ser delimitados a totalidade dos núcleos de poboación existentes. O núcleo de O Mosteiro é un deses asentamentos que non foi delimitado naquel momento histórico, carecendo na actualidade dun instrumento de ordenación.

Por ende, o **obxectivo xeral** da delimitación do núcleo rural, para o que se elabora o presente Documento Ambiental Estratéxico, é o de fornecer dun instrumento legal a unha situación urbanística presente no territorio e consolidada no tempo, que reúne todos os requisitos establecidos na lexislación vixente para a clasificación no réxime de solo de núcleo rural, ao tratarse dun asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, de carácter tradicional.

Dito instrumento se presupón como unha oportunidade de establecer unha ordenación axeitada ás características do ámbito, que sente as bases dun crecemento sostible axustado ás necesidades actuais e futuras da poboación.

Dende un punto de vista **ambiental** cabe destacar que ao tratarse dunha delimitación que atinxe unha situación rural preexistente, e con axuste maioritariamente ás parcelas edificadas, non se prevén efectos relevantes no medio ambiente. Pola contra, se considera que mediante a regulación e ordenación proposta se camiña cara a consolidación do núcleo, evitando o espallamento e o crecemento disperso no lugar.

3. ALCANCE E CONTIDO DA DELIMITACIÓN

3.1. ALCANCE E CONTIDO

O presente plan abrangue a delimitación do núcleo rural de O Mosteiro. Un asentamento de poboación pertencente á parroquia de Donas, localizado na vertente oeste do municipio. Abrangue unha superficie de solo de 39.573 m² e encerra un total de 26 edificacións de tipoloxía unifamiliar illada, xunto ás construcións adxectivas das mesmas.

O réxime actual do solo é o rústico, derivado como se indica anteriormente da situación urbanística do municipio. A proposta de delimitación descansa sobre esta cuestión, sendo solicitado a súa inclusión no réxime do solo de núcleo rural por medio do procedemento legal recollido no artigo 78 da LSG.

O contido da delimitación de núcleo rural proposta responde ao disposto no artigo 55 da LSG e no artigo 190 do Regulamento da mesma, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, sendo:

MEMORIA

1. OBXECTO DO ENCARGO
2. MARCO LEGAL VIXENTE
3. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL DO MUNICIPIO. CONTEXTUALIZACIÓN DO NÚCLEO.

MEMORIA INFORMATIVA

4. O NÚCLEO DE O MOSTEIRO. IDENTIFICACIÓN
5. INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL
6. AFECCIÓNS SECTORIAIS
7. MODELO DE ASENTAMENTO DE O MOSTEIRO
8. ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO
9. ELEMENTOS CATALOGADOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

10. OPORTUNIDADE DE REDACCIÓN DO DOCUMENTO
11. ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS
12. XUSTIFICACIÓN DA ALTERNATIVA PROPOSTA
13. XUSTIFICACIÓN DA CONSOLIDACIÓN POLA EDIFICACIÓN
14. COHERENCIA DA DELIMITACIÓN COAS DETERMINACIÓNS DAS DOT
15. FICHA DO NÚCLEO

NORMATIVA DO NÚCLEO RURAL DE O MOSTEIRO

PLANOS

1. SITUACIÓN
2. FOTOGRAFÍAS AÉREAS
- 3.1. TOPOGRAFÍA
- 3.2. PARCELARIO
- 4.1. EDIFICACIÓNS. INFORMACIÓN
- 4.2. EDIFICACIÓNS. USOS
- 5.1. REDE VIARIA. TRAZADO E CARACTERÍSTICAS
- 5.2. REDE VIARIA PÚBLICA

- 6.1. SERVIZOS. REDE DE SANEAMENTO
- 6.2. SERVIZOS. REDE DE ABASTECIMENTO
- 6.3. SERVIZOS. ALUMEADO PÚBLICO
- 7.1. AFECCIÓNS. AEIP
- 7.2. AFECCIÓNS. AUGAS
- 7.3. AFECCIÓNS. ESTRADAS
- 7.4. AFECCIÓNS. ELÉCTRICAS
- 7.5. AFECCIÓNS. SERVIDUMES AERONAÚTICAS
- 8.1. BENS ETNOLÓXICOS. MUROS TRADICIONAIS
- 8.2. BENS CATALOGADOS. ENTORNOS DE PROTECCIÓN
- 9. ORDENACIÓN.

ANEXOS

3.2. ALTERNATIVAS

Coa finalidade de alcanzar os obxectivos descritos, estúdanse tres alternativas posibles, a alternativa 0, a alternativa 1 e a alternativa proposta.

Alternativa 0

Consiste en non proceder a delimitación do núcleo rural de O Mosteiro, e por conseguinte non dotalo dun instrumento de ordenación urbanística que defina as liñas estratéxicas para o seu desenvolvemento e conservación.

Dende o punto de vista urbanístico advírtese unha alternativa que non da resposta á problemática actual pola que se da inicio ó presente procedemento, e que non é máis que o recoñecemento dunha realidade urbanística consolidada.

Se considera que esta alternativa alimenta a aparición de actuacións e intervencións ilegais, de carácter individualista e non amparadas en criterios urbanísticos e de conxunto, pola súa inexistencia.


Dende o punto de vista ambiental, a non delimitación e por tanto a non restrición dos solos aptos para edificar imposibilitan a conservación dos espazos naturais presenten no lugar, merecedores de preservación polos seus valores naturais, ambientais e paisaxísticos.

Alternativa 1

A segunda alternativa que se contempla é a recollida no antigo PXOM municipal do ano 1997.

En dito plan, a área deslindada se englobaba no núcleo rural 4.2. *Mosteiro-Soto*, sendo os terreos clasificados como “solo de núcleo rural”. No réxime de solo de núcleo rural se distinguían dou tipos de solo, os de baixa densidade e de alta densidade, sendo o núcleo rural de Mosteiro do segundo tipo. Segundo describía a normativo do plan, o núcleo rural de alta densidade se corresponde coas *agrupacións de poboación en zonas rurais con máis densidade, e que supoñen os centros máis consolidados dentro de cada parroquia*. A súa normativa permitía a construción de vivendas de tipo unifamiliar illada ou arriada, de baixo máis unha planta, cunha altura máxima de 7 metros. Establecía unha parcela mínima de 500 m², unha ocupación máxima de 40% e unha edificabilidade de 0,50 m²/m².

Da análise do seu contido, atendendo á cartografía daquel momento temporal, se advirte unha delimitación extensiva que abrangue os diversos asentamentos rurais próximos entre si, englobándoos nunha bolsa de solo continua.



Delimitación do Termino Municipal Desde do dominio público Marítimo-Terrestre Convenio Aneación Polígono Limite de Ordenanza Casco Vello	CLASIFICACION DO SOLO Urbano Núcleo Rural Urbanizable SOLO RUSTICO COMUN RCOM Rustico Comun RESTOS ARQUEOLÓXICOS	SOLO RUSTICO PROTEXIDO RPF Pazo e masas forestais RAG Agrícola RRJ Ríos e xunqueiras RVI Vías RPA Patrimonial REN Espacios Naturais RC Costas Protección Arqueolóxica	ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS 1 Cruceiro 2 Muílo 3 Lavadeiro 4 Fonte 5 Peto de animais 6 Ponte 7 Canal de Auga 8 Camiño Empedrado 9 Ruínas TIPOS DE ZONAS Zona Verde (uso Público) Zona Verde (uso Privado)	ORDENANZAS SOLO URBANO 1.1-CASCO 1.2-EDIFICACION PECHADA 1.3-COLECTIVA BLOQUE ABERTO 1.4-UNIFAMILIAR ILLADA 1.5-UNIFAMILIAR ARRIADA 1.6-VIVENDA EN LÍÑA 1.7-EXTENSION DO NÚCLEO CATALOGACION ALTO MEDIO BAIXO
---	---	--	--	--

Fig. 3.1. Fragmento do plano 9.2 de réxime do solo do PXOM de 1997.

Baixo a ordenanza de núcleo rural se inclúen o total das parcelas edificadas naquel intre e as baleiras intermedias entre estas; a ordenanza 1.7. *Extensión de núcleo* abrangue unha superficie perimetral que se expande varios metros sobre as parcelas edificadas. As superficies de solo baleiras existentes entre os asentamentos se inclúen igualmente nesta ordenanza.

Deste xeito o asentamento de Mosteiro queda englobado nunha bolsa de solo de núcleo rural que atinxe o actual asentamento de Mosteiro e o de Pereiro, limitando ao oeste co núcleo 4.5. *Barcalla* e ao este co núcleo 6.8. *Sequiña-San Andrés*, adheríndose a ambos os dous. Ao suroeste e nordeste queda flanqueado por solos de natureza rústica.

Se deduce que a adopción desta alternativa alimenta crecements rurais dispersos, que ademais de non responder á morfoloxía propia dos núcleos rurais galegos favorece un elevado consumo de solo e un maior desenvolvemento infraestructural. Unhas circunstancias que se traducen nun desenvolvemento pouco sustentable, que transforma a paisaxe, reduce os espazos destinados a usos agropecuarios e forestais e fomenta formas de vida máis contaminantes.

Estes motivos sustentan o descarte desta opción como alternativa viable.

Alternativa proposta

A alternativa proposta consiste na delimitación do núcleo rural de O Mosteiro tomando como criterio principal a conservación da morfoloxía das estruturas rurais e a preservación do medio natural, polo que se establece un deslinde atinxindo maiormente ás parcelas edificadas e ás baleiras localizadas entre estas.

A definición do perímetro se realiza en función das condicións topográficas, da estrutura da propiedade, do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes, e nos antecedentes de delimitacións. Se atende ao número de edificacións, á densidade de vivendas, o seu grado de consolidación pola edificación e á tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.




Fig. 3.2. Delimitación proposta do núcleo rural de O Mosteiro.

Con esta alternativa se da resposta os seguintes obxectivos:

- Regulación dunha realidade urbanística consolidada, perceptible de facto, e recoñecida tanto oficial como oficiosamente.
- Fomento dun modelo de crecemento compacto.
- Establecemento dunha ordenación urbanística que regule as intervencións no lugar, obxectivada na conservación da trama rural.
- Preservación dos elementos de interese etnolóxico patrimonial e natural presentes no lugar mediante a súa catalogación.
- Fomento do dinamismo do núcleo rural mediante a implantación de usos compatibles que xeren inercias e eviten a despoboación.

4. DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE

4.1. DESENVOLVEMENTO DA TRAMITACIÓN

A primeira etapa a realizar para o desenvolvemento da presente delimitación de solo de núcleo rural é a súa tramitación urbanística, que estará ao abeiro do establecido no artigo 29 da lei 21/2013, de 9 de decembro, no que se refire ao trámite ambiental, e do artigo 78 da LSG.

Unha vez presentada a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada xunto có borrador do plan ou programa e dun documento ambiental estratéxico (DAE), o órgano substantivo comprobará que a documentación presentada cumpre cós requisitos esixidos pola lexislación sectorial e remitirá a solicitude de inicio e os documentos que a deben acompañar ao órgano ambiental. Este último, no prazo de dous meses a contar dende a recepción completa da documentación, formulará o informe ambiental estratéxico no que se determinará si o expediente de delimitación ten efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o expediente poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

Corresponde ao concello someter o expediente de delimitación a información pública, por un prazo mínimo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión da provincia. Deberán ser notificados así mesmo, todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados pola delimitación.

O expediente será aprobado provisionalmente polo órgano municipal competente, remitindo o expediente ao órgano competente en materia de urbanismo para que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

4.2. DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN:

Como se describe ao longo do presente documento, a Delimitación de Solo de Núcleo Rural que nos ocupa reflicte sobre unha realidade urbanística preexistente, sendo un trámite de recoñecemento dunha realidade rural consolidada, o que deriva na non necesidade de establecer estratexias ou etapas de desenvolvemento.

5. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL DO MEDIO NO ÁMBITO TERRITORIAL

O asentamento de O Mosteiro se implanta nun punto intermedio entre un monte elevado e a zona de conca do río, nunha zona máis o menos cha. Unha disposición que fai que domine lixeiramente sobre o territorio que descorre cara o este. A topografía non acada grandes desniveis, rexistrando cotas que van dende os 79 aos 57 metros con respecto ao nivel do mar.

Está flanqueado polos núcleos rurais de A Barcalla, Nogueira e Souto na vertente norte e polo núcleo de Pereiro polo sur.

En relación á rede hidrográfica, descorre pola vertente este do asentamento o río Coto Acevedo. Na superficie do núcleo son identificados varios cursos de auga superficiais de escasa entidade. Na actualidade varios tramos das liñas detectadas están canalizadas.

O modelo do asentamento se corresponde coa morfoloxía de **mononuclear pouco compacta** definida nas Directrices de Ordenación do Territorio como *asentamento no que existe unha certa separación entre as distintas casas por pequenos anacos de terreos libres, pequenas hortas. Forma tendente ao circular e límites nítidos*. Segundo recollen as DOT esta tipoloxía constitúe a forma fundamental e o tipo máis antigo de asentamento en Galicia.

O tecido edificado ven caracterizado pola baixa densidade, conformado por edificacións de tipoloxía illada e apegada que se implantan retrasadas con respecto á vía ou apegada a esta, derivando na conformación de dous tipos de tecido, o de rueiro tradicional e o disperso. O tecido de rueiro, no que o espazo ben configurado polo espazo cercado polas edificacións e os muros tradicionais é o máis característico no núcleo. A trama viaria é de carácter tradicional.

A través das fotografías aéreas antigas, nomeadamente a do voo americano de 1956, é posible determinar un asentamento primitivo mononuclear, organizado sobre á estrada, no que destaca unha zona de maior densidade, en torno á igrexa parroquial, que continua cun desenvolvemento lineal cara as vertentes oeste e sureste. Esta extensión e disposición é moi semellante á actual, o que advirte do escaso desenvolvemento que sufrui o núcleo, conservando a estrutura morfolóxica tradicional na actualidade.

O uso característico no núcleo rural é o residencial, advertíndose tan so un caso de uso recreativo na planta baixa dunha edificación, adicado a un bar. Dispón de equipamentos públicos, sendo a igrexa, unha fonte e un lavadoiro.

Na vertente oeste limita co núcleo de A Barcalla e no sur co núcleo de Pereiro. No suroeste os solos son destinados a usos forestais, e na vertentes norte a este a pastos de cultivo. Segundo os datos do SIOSE (2005) as masas forestais están conformadas por especies de coníferas e eucalipto principalmente, manténdose o

uso agrícola xunto ao mato nas áreas destiandas ao cultivo. As visitas de campo ao lugar advirten desta realidade, ao verificar a presenza de terreos traballados máis outros moitos sen uso aparente.




Fig. 5.1. Fragmento da cartografía de usos do solo SIOSE (folla 0261A-0204)



Fig. 5. 1. Vista do núcleo dende a vertente sureste.

Son identificados diversos elementos de interese patrimonial etnolóxico, como son os hórreo, unha fonte, un lavadoiro e varios cruceiros, e elementos do patrimonio arquitectónico como é a igreza parroquial e o reloxo do sol. A través da ordenación proposta non se prevén intervencións que afecten a ditos elementos, sendo pola contra incluídos no catálogo que acompaña ao documento de ordenación.

6. EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

A delimitación de solo de núcleo rural que nos ocupa non repercute de forma significativa no medio en que se insire, sendo:

- Atmosfera e medio ambiente: As únicas variacións posibles derivan das obras de construción de nova planta ou rehabilitación das edificacións xa existentes, feito que se torna temporal e que esta regulado pola normativa específica en canto a emisións de CO₂ e aforro enerxético.

As vías de comunicación e de acceso son as preexistentes, para as que se prevén intensidades de uso semellantes ás actuais, polo que se conclúe que os efectos da delimitación sobre a atmosfera e o medio non son relevantes.

- Ocupación do solo: A consolidación media de ocupación de solo pola edificación na área delimitada é do 60%, sendo nos espazos baleiros entre as construcións existentes e en torno as mesmas onde se concentran as posibilidades de nova ocupación.

A través da ordenación proposta no documento de delimitación, se establecen parámetros relativos á parcela mínima, ocupación máxima, recuados, aliñacións e tipoloxía das edificacións, baseados nas características presentes no lugar polo que se da continuidade ás mesmas.

- Poboación: Tal como se indica anteriormente as posibilidades de ocupación do solo e por tanto os incrementos de poboación residente quedan restrinxidos aos parámetros físicos do lugar. Pese a que o número de posibles parcelas edificables é elevado, con respecto ás necesidades reais, cabe referir que se trata dunha cantidade pouco probable, xa que son moi numerosos as parcelacións necesarias para acadalo.

Por outra banda a tipoloxía de edificación queda restrinxida na ordenanza reguladora á de vivenda unifamiliar, polo que se deduce que os posibles aumentos de poboación non resultarán na transformación das dinámicas actuais.

Segundo os censos oficiais a poboación actual do núcleo rural de O Mosteiro é de 59 habitantes.

- Paisaxe e patrimonio natural: Se indica na normativa que, *o volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes e deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos*, polo que non se prevén alteracións que mitiguen as condicións paisaxísticas actuais, tanto no relativo a paisaxe rural como a natural.

7. EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES

Directrices de Ordenación do Territorio:

As directrices de ordenación do territorio teñen como finalidade establecer as pautas espaciais de asentamento das actividades, precisando a definición dun modelo territorial para Galicia. A través da delimitación do solo de núcleo rural non se incorre no incumprimento dos obxectivos específicos e das indicacións recollidas para a rexión urbana Vigo-Pontevedra. Dada a escala da intervención, mediante a delimitación do núcleo rural se dá cumprimento aos obxectivos que seguen:

- > Potenciar os núcleos rurais de Galicia como célula básica do sistema de asentamentos e elemento identificativo do modelo de ocupación tradicional do territorio, outorgando prioridade a súa rehabilitación.
- > Protexer o patrimonio natural, cultural e paisaxístico, así como o sistema rural, señas de identidade de Galicia, garantindo a súa conservación e establecendo as medidas necesarias para o seu mantemento e mellora.

Espazos naturais e paisaxe

O ámbito afectado pola delimitación proposta emprazase segundo o Catálogo das Paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo (DOG 25/08/2016), dentro da comarca paisaxística “Vigo Litoral”, que forma parte da grande área paisaxística “Rias Baixas”.

Non se identifican no ámbito Áreas de Especial Interese Paisaxiático nin outros espazos protexidos.

Augas

A área de solo de núcleo rural está incursa na demarcación Hidrográfica Galicia Costa, dentro do sistema de explotación N^o 01: “Río Verdugo, ría de Vigo e ría de Baiona”.

Descorre polas proximidades do lugar o río Coto Acevedo con afección sobre o solo delimitado de núcleo rural.

De acordo coa normativa sectorial de aplicación, as superficies de solo afectadas polas zonas de servidume e policía destas liñas de auga quedarán suxeitas ás súas disposicións.

Patrimonio

O artigo 31.4 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, dispón que a suspensión ou anulación do planeamento urbanístico non determina por si mesma a exclusión do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia daqueles bens incluídos conforme o artigo 30 da dita lei. Por conseguinte, os elementos incluídos no catálogo do anulado PXOM do ano 1997 son incorporados ao catálogo da delimitación do solo de núcleo rural.

Por outra banda, son identificados diversos elementos de valor patrimonial no lugar, principalmente relacionados cos xeitos de vida tradicional, que serán incorporados ao catálogo da delimitación do núcleo rural e sobre os que se aplicarán as determinacións contidas na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia.

**8. MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVER, REDUCIR E, NA MEDIDA DO POSIBLE, CORRIXIR
CALQUERA EFECTO NEGATIVO RELEVANTE NO MEDIO DA APLICACIÓN DO PLAN:**

É unha constante na paisaxe galega a transformación das tramas e estruturas rurais tradicionais, en mans de fenómenos de dispersión, moi puxantes nos últimos anos, e que derivan na aparición de novas realidades urbanísticas cun denominador común, como é o da ocupación do solo e o esgotamento dos recursos naturais. Dende o punto de vista de quen asina este é o principal risco o que se expón o medio sobre o que se aplica o plan, sendo a medida preventiva capaz de prever e reducir as súas consecuencias a propia delimitación proposta.

Ademais de restrinxir as áreas edificables mediante a clasificación do solo, a delimitación do solo de núcleo rural inclúe unha ordenanza na que se regulan os usos, o volume, as condicións hixiénico sanitarias dos terreos e das construcións, e as características tipolóxicas, estéticas e construtivas destas últimas de modo a garantir a continuidade da tipoloxía e da morfoloxía propia do lugar, e a preservación dos espazos naturais que merezan ser protexidos da transformación urbanística.

9. MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN:

Se considera que os posibles efectos en ocupación do solo, paisaxe, atmosfera e cambio climático, poboación e uso do solo, non varían coa delimitación de solo proposta, polo que non se considera necesario establecer medidas de seguimento, máis ala da propia fiscalización sobre as intervencións na urbanización e nas edificacións do mesmo, acordes coa normativa e lexislación vixentes.

Gondomar, 11 de setembro de 2019

A arquitecta,



Ado. Delia Prado Figueroa.

COAG 4729